



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

Asunto :EXPTE: 2021/E001/000013. REQUERIMENTO DOCUMENTACION PROFESOR SAXOFON

Vista a proposta alcaldía asinada con data 15/09/2022, co seguinte contido:

### **PROPOSTA RESOLUCION. EXPTE:2021/E001/000013**

A vista da dilixencia de de data 05/09/2022 da Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Arzúa ( A Coruña).-, na que consta literalmente:

#### **“DILIXENCIA A POÑO EU PARA FACER CONSTAR:**

Visto o decreto do alcalde nº 556/2021 de data 30/09/2021 da aprobación das bases de formación da bolsa de traballo para contratación temporal de profesores de saxofón e publicado no Bop nº 191 do 6 de outubro de 2021 O ANUNCIO CONVOCATORIA E BASES BOLSA DE TRABALLO PARA CONTRATACIÓNS TEMPORAIS DE PROFESORES DE SAXOFÓN PARA O CONSERVATORIO E ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE ARZUA.

Visto o decreto Decreto 647/2021 de data 16/11/2021. de aprobación da lista que formarán parte da bolsa de emprego por orde de puntuación.

Vista a providencia da alcaldía de data 37/08/2022 na que se solicita -- Que polos servizos adscritos ó departamento de persoal se realicen as actuacións necesarias para levar a cabo dita contratación, de conformidade co disposto nas bases 9 e 10 das que rexen este proceso de selección.

Procedeuse na data de hoxe (02/09/2022),ás 13:12 horas chamar o aspirante **Daniel Novo Pena** para que manifestara telefónicamente si estaba interesado ou non para ser contratado como saxofonista, ata o remate deste curso. E manifestou que **Non** estaba interesado en continuar na praza ofertada.

Continuamente, procedeuse a chamar o seguinte aspirante por orde de puntuación a **Pablo Vigo Cascallar**, as 13:30 horas, manifestando que **Non** estaba interesado en continuar na praza.

O luns día 5 de setembro ás 10:22 chamouse a **José María Blanco Pampin**, e manifesta que **SÍ** está intersado en ser contratado como saxofonista para éste curso escolar.



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

Según a base NOVENA.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

8 Os integrantes manterán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda,.. de tal maneira que se o nomeamento para o que son chamados finaliza, retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista.

9 Os integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocados para facer efectiva a contratación ou nomeamento segundo o disposto nestas bases , non se presentaran ou renunciaran a esta, perderán os seus dereitos quedando excluídos da lista por un ano, debendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

10 Os integrantes da bolsa de traballo que renunciem á continuidade no desempeño dun posto de traballo perderán os seus dereitos quedando excluídos da lista por un ano, debendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

A vista de dita dilixencia PROPOÑO:

PRIMEIRO: Contratar a José María Blanco Pampin como profesor saxofón na Escola de Música de Arzúa e no Conservatorio de musica de Arzúa curso 2022/2023, 12 horas semanais.

SEGUNDO: Solicitar a intervención certificado existencia de crédito e fiscalización en relación a dita contratación.

TERCEIRO: Excluir da lista por un ano, debendo solicitar de novo a súa inscrición una vez transcorrido, a Daniel Novo Pena e Pablo Vigo Cascallar os cales manifestaron que non estaban interesados na contratación.

Visto informe de intervención de data 16 de setembro de 2022, e as advertencias nel contidas.

E polo en cumprimento da base décima. das que rixen este proceso de selección, requirolle para que no prazo máximo de **3 días hábiles**, dende o seguinte o recibo da notificación deste requerimento presente os seguintes documentos orixinais, en proba de aceptación do chamamento:

- Documento Nacional de Identidade. No caso de aspirantes que non teñan a nacionalidade española, documento equivalente no país de orixe acompañada dunha certificación

expedida pola autoridade competente que acredite a posesión da cidadanía do devandito país, desde a data de finalización do prazo de presentación de instancias, con acreditación de validez e autenticidade .

As persoas con nacionalidade de calquera outro estado membro da Unión Europea ou as incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, así como o cónxuxe dos anteriores, os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de 21 anos ou maiores da devandita idade que vivan ás súas expensas sempre que o matrimonio non estea separado de dereito, deberán acreditar documentalmente o cumprimento dos requisitos que se esixen para a entrada e permanencia en España das persoas con nacionalidade dos estados indicados. No caso dos familiares xa enunciados, tamén deberán acreditar fidedignamente o vínculo de parentesco ou a situación legal do matrimonio.

.- Título, declarado mediante orixinal con fotocopia para a súa compulsu, copia autorizada mediante fedatario competente por razón da materia ou recibo acreditativo do pago dos dereitos de exame para a súa expedición. En calquera caso, deberá constar o dereito á obtención do título antes da finalización do prazo de presentación de instancias. As equivalencias ou convalidacións serán acreditadas e resoltas polo Ministerio de Educación e Ciencia, pero deberá constar o citado dereito á obtención do título como se expuxo anteriormente.

.- Número de afiliación á Seguridade Social

.- Número de conta corrente.

.- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño da praza.

.- Certificado do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, conforme ao Real Decreto 1110/2015, do 11 de decembro..

.- Declaración xurada de non ser separado/a mediante expediente disciplinario de Administración Pública algunha, nin acharse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non acharse incurso en causa de incapacidade e incompatibilidade conforme a lexislación vixente. Calquera ocultación maliciosa de circunstancias sobrevindas á data de expedición destes documentos e que orixine a súa ineficacia será causa de revisión da proposta de contratación, conforme ao Título V da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A non presentación da referida documentación implica a perda dos dereitos adquiridos facultando á Alcaldía-Presidencia para formalizar contrato co aspirante seguinte da lista de puntuación do Tribunal previo requerimento e presentación de documentación nos termos indicados no párrafo anterior. Unha vez comparecera o aspirante chamado segundo o orde da bolsa de traballo presentando dita documentación, o Sr. Alcalde por Resolución



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

procederá ao seu nomeamento para o desempeño do posto de traballo correspondente e indicándolle data de sinatura do contrato. O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou por Resolución da Alcaldía de conformidade co establecido na lexislación vixente

En Arzúa, asinado dixitalmente na data e hora

O alcalde

Asdo: Jose Luis García López



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

José María Blanco Pampin